

## **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*Corrección de erros.-Orde do 28 de febreiro de 2003 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso e acceso ó corpo de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas e profesores técnicos de formación profesional, e procedemento de adquisición de novas especialidades polos funcionarios de carreira dos anteditos corpos na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Advertidos erros na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 52, do venres 14 de marzo de 2003, é necesario efectuar as seguintes rectificacións:

Na base común 2, punto 2.2.1 b), onde di: «Están dispensados deste requisito os aspirantes que posúan o título de mestres, diplomados en profesorado...», debe dicir: «Están dispensados deste requisito os aspirantes que posúan o curso de aptitude pedagóxica, o título de mestres, diplomados en profesorado...».

No anexo VII, disciplina Procesos en medios de comunicación, anúlase a redacción anterior e debe dicir: «A proba práctica consistirá na realización de: -Unha análise técnica e un comentario crítico sobre un audiovisual proposto polo tribunal. -Guionización, preproducción, posta en escena e organización dun produto audiovisual ou espectáculo. -Elaboración e tratamento de imaxes e sons en soporte electrónico e fotoquímico».